

*ARTIGO 29º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.*

Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**24º.—ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENTA  
DE DIVERSOS PRODUCTOS NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE CAMBADOS.**

*ARTIGO PRIMEIRO: CONCEPTO*

De acordo co disposto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Prezo Público pola venta de diversos produtos na Rede de Museos do Concello de Cambados, que se rexerá polo que dispón esta Ordenanza.

*ARTIGO SEGUNDO : SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO*

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas que compren algún dos produtos obxecto do prezo público.

*ARTIGO TERCEIRO: ACTIVIDADES GRAVADAS*

Constitúe servizo ou actividade gravada por este Prezo Público a compra dos seguintes produtos:

- Bolígrafos do Museo do viño.
- Libro-Guía de Cabanillas.
- Catálogos de exposición.
- Libro “2000 años de cultura del vino en la Península Ibérica” e outros similares sobre o viño.
- Publicacións propias do museo.

*ARTIGO CUARTO: CONTIAS DAS ACTIVIDADES GRAVADAS*

1. O importe do Prezo Público fixado cubrirá, como mínimo, o custo de realización dos produtos, segundo os datos que constan na Memoria económica anexa á Ordenanza.
2. A contía do Prezo Público determinarase aplicando as tarifas seguintes:
  - Bolígrafos do Museo do viño: 0,65 €
  - Libro-Guía de Cabanillas: 1,25 €.
  - Catálogos de exposición: 5,15 €
  - Libro “2000 años de cultura del vino en la Península Ibérica” e outros similares sobre o viño: 9,30 €.
  - Publicacións propias do museo: 15 €
3. O Concello de Cambados resérvase o dereito de regalar algún destes produtos, con carácter excepcional e para promociona-lo mesmos e a Vila de Cambados.

*ARTIGO QUINTO: OBRIGA DE PAGAMENTO*

A obriga de pagamento nace no momento en que se produza a entrega dos produtos ó obrigado ó pago, se ben este Concello poderá esixir o depósito previo no momento da solicitude.

*ARTIGO SEXTO: NORMAS DE XESTIÓN: PAGAMENTO.*

O pago do prezo público farase no momento da entrega, sen prexuízo da posibilidade do depósito previo sinalado no artigo anterior.

As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse por Vía de prema de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**25º.—ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO  
POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR.**

*ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E CONCEPTO.*

De acordo co establecido polo artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese ó prezo público pola prestación do servizo municipal de axuda no fogar, a través do Servizo Social de Atención Primaria do Concello e consonte así mesmo co disposto no Regulamento do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) deste Concello de Cambados.

*ARTIGO 2º.—OBRIGADOS Ó PAGO.*

Estarán obrigados ó pago do prezo público que se establece, aquelas persoas que soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar, rexéndose a súa contía, polos baremos establecidos no anexo I do Regulamento regulador do servizo.

*ARTIGO 3º.—CONTÍA.*

1. Para a determinación do importe da prestación do SAF, establécese o prezo da hora nas seguintes contías:
  - Servizo básico.
  - Días laborables: 13,96 €/h
  - Días festivos y fines de semana: 16,09 €/h
  - Servizo de dependencia.
  - Días laborables: 13,70 €/h
  - Días festivos y fines de semana: 15,81 €/h
2. A contía da aportación familiar ó custo do servizo, virá determinada polo importe total dos ingresos familiares e do número de horas da prestación do SAF, de conformidade co establecido no Regulamento do Servizo.

*ARTIGO 4º.—PROCEDIMENTO DE COBRO.*

- 1.— A obriga do pago nace dende a data de alta efectiva do usuario como beneficiario do servizo municipal de axuda no fogar.
- 2.— O pago realizarase por meses vencidos, dentro dos 10 primeiros días naturais do mes seguinte.